

PROXECTO DO EQUIPO DE NORMALIZACION E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES MARCO DO CABBALLÓN, VILA DE CRUCES

CURSO 2019-2020

0. Características básicas do noso traballo de normalización:

O traballo de dinamización do Equipo de Normalización fundaméntase nos seguintes puntos:

- Desenvolvemento de proxectos realizados durante varios cursos, froito dunha planificación a medio-longo prazo.
- Renovación con proxectos novos, froito da innovación, a experimentación e a adaptación aos novos momentos sociolingüísticos, procurando novas vías de tendencia e experimentación con novos ámbitos de comunicación. (Stikers en galego, por exemplo)
- Vinculación coa realidade local. (Proxecto Palabras de Pedra)
- Creación de modelos de dinamización orixinais que sirvan como modelo (Regueifesta, Tattoos da Galiza, etc)
- Creación de referencias socioculturais para a xente nova, especialmente no ámbito musical.
- Traballo con actitudes lingüísticas e motivacións positivas. Perspectiva de psicoloxía social vinculada á sociolingüística.
- Dinámica de movemento social: facilitación da participación, creación de rede, pensamento crítico.
- Visibilización e valoración social do traballo colectivo e activista, co obxectivo de gañar prestixio para a comunidade: + lingua = + calidade educativa = + desenvolvemento socio-cultural e económico.
- Colaboración con outros centros de ensino: IES de Baio (Regueifesta), IES Compostela (“En galego, of course”), colexios de Vila de Cruces, Piloño e Merza (“A nosa música en galego”), e profesorado doutros centros de ensino en Abegondo e Padrón e Santiago, Escola Semente (para o Proxecto Campo de Regueifas.)

Para mellorar, pensamos que sería positivo aumentar a colaboración do profesorado. Por iso desde a dirección do centro se facilitou que máis profesorado se sumase, con horas de dedicación, ao Equipo de Normalización.

Así mesmo, como resposta a unha nova realidade, desde o Clube da Lingua queremos orientar sociolingüísticamente a acollida do alumnado inmigrante, de lingua árabe, que está a chegar ao noso centro.

1. INTRODUCCIÓN: Contexto.

O medio rural atópase nunha situación preocupante, cunha incesante perda de habitantes, de poder económico e social, e con consecuencias na creación cultural, nos procesos de comunicación e no desenvolvemento lingüístico.

O modelo imperante que guía o desenvolvemento económico actual está a provocar o abandono das parroquias e a perda de habitantes dos núcleos rurais que, como o noso, está a ver que os centros de ensino perden ano tras ano alunado.

Este modelo socio-económico que prestixia e sinala como referente de desenvolvemento e éxito persoal as cidades está a devaluar un dos capitais económicos e socioculturais que desde sempre tivo, e ten Galiza: o contorno rural.

A importancia de valorizar os recursos do noso contorno –os seus valores sociais, económicos, culturais- fai que no noso centro educativo establezamos como prioridade a valorización da nosa lingua propia.

Guíanos o convencemento de que as linguas sempre suman, polo que o noso centro ten unha especial preocupación pola aprendizaxe e o uso das linguas e a valorización da diversidade lingüística e da utilidade do plurilingüismo na formación do alunado.

Nunha sociedade na que proliferan os prexuízos –raciais, culturais, lingüísticos- temos como obxectivo educativo actuarmos como modelos de normalidade e normalización lingüística, procurando a identificación do galego non só con usos informais ou tradicionais, senón con todos os ámbitos que pode ter calquera lingua do mundo: novas tecnoloxías, mundo laboral, prestixio social, desenvolvemento cultural ou medio de relación social.

Porque temos o convencemento de que o galego ten que ter o mesmo status que calquera outra lingua, actuamos non só através da reivindicación senón mediante propostas de creatividade, aprendizaxe significativa, e pedagóxicamente valiosas nas que participen todos axentes implicados: alunado, profesorado, pais e nais e traballador@s non docentes, así como outros axentes do contorno máis inmediato.

2. OBXECTIVOS XERAIS:

Articular un proceso educativo e cultural que evite o retroceso do uso da nosa lingua e mellore as actitudes cara á nosa lingua.

Potenciar a lingua como unha ferramenta articuladora de sinerxias positivas dentro da acción educativa e da convivencia no centro.

Resúltanos tamén fundamental facer pedagogía sobre o significado e a propia acción da normalización lingüística no centro.

Queremos dinamizar o noso centro, através da participación no EDNL, en relación co seu contorno máis inmediato así como establecer colaboracións con outros EDNL da comarca e coa Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización.

Ademais queremos...

- Presentar o noso centro como un modelo de normalidade lingüística, sen prácticas diglósicas que minoricen a nosa lingua nin a relacionen cos prexuízos lingüísticos mais espallados socialmente.
- Establecer unha dinámica que visibilice que a nosa lingua é un vehículo de comunicación apropiado para todos os contextos e situacións comunicacionais: novas tecnoloxías, vangardia artística, espazos urbanos, mundo laboral, etc.
- Coñecer a relación coa lingua dos axentes que participan no proxecto educativo de cara a actualizar os datos sociolingüísticos do centro, através de enquisas cuantitativas e análises cuantitativos sobre as competencias lingüísticas do alunado. O obxectivo é identificar carencias, conflitos, problemas e orientar a nosa práctica educativa.
- Ter especial atención -para contrarrestalos- sobre os prexuízos lingüísticos contra o galego que poidan estar espallados entre o alunado: “o galego non é útil”, “o galego é bruto”, “o galego non se fala nas cidades”, “por educación, debo falar galego con quen me fala castelán”, etc.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

En relación ao contorno educativo:

- Favorecer a participación de pais e nais e veciñanza en actividades do Clube da Lingua.
- Concienciar os distintos axentes (familias, profesorado, alunado, persoal non docente, institución e asociacións do contorno...) da importancia do galego non só como lingua senón tamén como factor de desenvolvemento social, cultural e económico, riqueza que é importante preservar e actualizar.
- Favorecer actitudes positivas, tolerantes, integradoras e abertas cara á lingua galega e as linguas en xeral.
- Incidir no carácter do galego como lingua culta e prestixiada, como todas as demais, mais tamén como lingua de identidade da nosa historia e tradición, do noso presente e, se así o decide a nosa vontade colectiva, do noso futuro.
- Participar activamente nunha dinamización cooperativa con outros axentes normalizadores da lingua: Colexio de Vila de Cruces, Piloño e Merza; IES de Baio, IES Compostela; medios de comunicación en galego (Praza, Galicia Confidencial, Sermos Galiza...); administracións, empresas, etc.

En relación ao profesorado:

- Favorecer que o profesorado mellore as súas competencias na nosa lingua.
- Promover as relacións do profesorado co contorno do concello e os recursos educativos, naturais, económicos e socioculturais de Vila de Cruces.
- Favorecer o traballo con recursos educativos en galego, socialmente minorizados.

- Favorecer a participación do profesorado nas actividades do proxecto de fomento de uso da lingua galega.
- Normalizar a presenza da nosa lingua nas actividades públicas, de dinamización e lúdicas do noso centro.

En relación ao alumnado:

- Nun contorno onde a lingua galega é maioritaria nos usos formais, familiares e espontáneos, incidir na importancia de que a nosa lingua se complete nos usos formais, cultos, de prestixio social.
- Familiarizar o alumnado con ámbitos de comunicación modernos, tecnolóxicos, científicos, empresariais, de prestixio en galego.
- Coñecer desde o punto de vista da comunicación e a sociolingüística o contorno do centro.
- Facer que o alumnado sexa suxeito activo, organizador e participante, nas actividades a prol da nosa lingua.

En relación ao centro:

- Garantir que o centro sexa unha institución comprometida co desenvolvemento educativo e social da lingua galega, como un dos poucos –mais exemplares- modelos de normalidade lingüística do noso contorno inmediato.

4. ACCIÓNS E DINÁMICAS IMPLEMENTADAS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA NO CURSO 2018-2019

O PROXECTO DINAMIZADOR da LINGUA GALEGA:

DINAMIZACIÓN INTERNA

DINAMIZACIÓN ENTRE O ALUMNADO:

1. “Monta e pedalea”: saídas en bicicleta

Desde o Clube da Língua queremos promocionar o coñecemento do Concello através de saídas en bicicleta, no proxecto “Monta e pedalea” para coñecer o noso patrimonio material: Observatorio astronómico do Monte das Covas, mámoas de Oirós, castro de Merza...

2. Proxecto Mámoas – Palabras de Pedra:

Para o curso 2019 – 2020 continuamos a centrar o noso eixe de intervención arredor das actitudes, motivacións e prexuízos lingüísticos. Esta será a temática transversal a todas as actuacións de contido histórico, científico, artístico, sociolóxico, de dinamización social, etc.

Alén desta orientación sociolingüística, Palabras de Pedra vai centrarse no campo temático da prehistoria (megalitismo) e a historia (o castro de Merza), dentro dun proceso de mellora de actitudes e aplicación de usos da nosa lingua.

Explicación e obxectivos:

- Continuar o proceso de participación da veciñanza de Oirós e o propio concello para pór en valor o que foi a primeira excavación da arqueoloxía galega moderna, nos anos 70, posteriormente abandonada.
- Colaboración co equipo de arqueoloxía que vai intervir no castro de Merza.

3. Proxecto “Crachas”: As parroquias do concello en 28 crachas

Hai catro cursos comezamos este proxecto e conseguimos elaborar case todas as crachas das parroquias do noso concello, grazas á participación de alumnado, profesorado e familias, así como de axentes socioculturais do concello, como asociacións e artistas locais.

O obxectivo desta actividade é implementar un proceso máis de participación que implique a formación dunha rede de creación de crachas (chapas) representativas das 28 parroquias do concello e, en segundo lugar, unha rede de distribución.

Este ano temos como obxectivo -máis unha vez- acabar a nosa colección.

O proceso conleva o deseño das crachas por parte de elementos da comunidade escolar (alunado, profesorado, pais e nais, persoal non docente) e mais axentes externos (artistas locais, asociacións, colectivos locais, etc)

O proceso ten como finalidade visibilizar nun proceso de participación o patrimonio visual e creativo do concello, vinculándoo coa toponimia e o coñecemento do territorio.

4. Proxecto “Cancioneiro Pop de Vila de Cruces”

Máis alá da recollida de tradición oral cantada nas Cruces, -que finalizou na publicación do libro co Cancioneiro das Cruces- este ano vaise socializar este libro con outras manifestacións musicais do concello, recollidas polo alumnado, implicando as bandas, os coros, os grupos de pandeireta, rock e pop da vila.

5. Regueifesta

O Clube da Lingua-Equipo de Dinamización é impulsor da Regueifesta, o proxecto para impulsar a improvisación oral en verso no instituto e no resto do país.

Neste sentido, impulsamos, de entrada:

- Obradoiro de Regueifa Feminista impartido por Sara Marchena e Alba María.
- Regueifa no Magosto.
- Presentación da Regueifesta na biblioteca Anxo Casal
- Participación no Certame de Valadares
- Participación no Encontro de Xenerais do Ulla do Deza e comarca.
- Participación no Encontro de Mulleres Regueifeiras.
- Festival de Regueifas de Vila de Cruces
- Participación do certame “Enreguéifate”
- Participación no Festival Regueifesta.
- Excursión ao País Vasco

Presentación do xogo “Campo de regueifas”, un xogo de nova creación, invento froito do traballo didáctico da Regueifesta: publicación en rede con deseño gráfico atractivo e posibilidade de realización dn vídeo didáctico.

6. Dinamización da lingua nas redes sociais:

Difusión do Clube da Lingua nas redes sociais, especialmente, facebook. Creación dun grupo de traballo en comunicación social da lingua.

Dinamización do Proxecto Mámoas.

7. Dinamización da relación entre Música e Lingua:

Elaboración do CD “Camballón Mix, en galego”, con temas de diferentes tendencias actuais, realizado pola propia comunidade educativa.

Cooperación do Clube da Lingua coa entidade xuvenil local Asociación Novo Cruceiro Rock para colaborar na dinamización do Festival Cruceiro Rock.

Organización do Festival da Lingua, de fin de curso, con participación de artistas convidados e alumnado do centro.

Dinamización dun “Clube de Regueifa” nos recreos.

Colaboración na dinamización dos novos grupos musicais do centro: Enxebres, Noa do Capón...

8. Participación no concurso “Quero Cantar”

Vinculado ao punto anterior, este ano queremos impulsar -por segundo ano- a participación do alumnado no concurso que organiza a Deputación da Coruña “Quero Cantar”.

Obradoiro de voz e pandeireta para o grupo “Enxebres”, impartido por Nerea Fiúza, para perfeccionar o tema a presentar no concurso “Quero Cantar”.

9. Actualización de enquisas sociolingüísticas:

-Actualización da análise sociolingüística do centro através dunha enquisa de usos das linguas na comunidade educativa.

-Creación dun estudo-análise da presenza de prexuízos entre o alumnado e articulación de actividades, campañas e accións contra os estereotipos que desvalorizan a nosa lingua.

10. Outras actividades que vimos realizando con carácter plurianual:

- Participación no Clube de Lectura da Biblioteca.

- Taboleiro do Clube da Lingua: centro informativo sobre campañas e novidades relacionadas coa lingua.

Organización de varias exposicións nos espazos do centro:

- a. Exposición gráfica: Patrimonio material das Cruces
- b. Exposición gráfica: Patrimonio inmaterial das Cruces
- c. Exposición gráfica: Humor gráfico das Cruces: Canto Galpón

11. Stikers en galego:

Continuando o proxecto do ano anterior, queremos afondar nas posibilidades de comunicación e creatividade dos stikers nas redes sociais:

Obxectivos:

Crear stikers para promover a lingua galega nas redes sociais.

Fomentar o humor, a creatividade e a empatía coa nosa lingua.

Difundir a identidade e a cultura galegas.

Metodoloxía:

Sen límite de stikers por alumna ou alumno, cada participante enviará o(s) seu(s) stikers, que deben ser orixinais, ao teléfono da persoa que coordina o Clube da Lingua.

Valorarase a orixinalidade das propostas, a relación coa situación actual da lingua e co mundo cultural e social galego ou internacional (lusofonía), a dimensión comunicativa da lingua e outros aspectos abertos a esta forma de comunicación.

12. Orientacións sociolingüísticas para o profesorado e o alumnado en relación á chegada de alumnado inmigrante de lingua árabe.

Socialización dun texto explicativo para o acollemento lingüístico do alumnado inmigrante, elaborado o ano pasado.

13. O alumnado da ESO dinamiza a Escola de Primaria e a Galiña Azul: “A nosa música en galego”

En colaboración co profesorado de lingua galega e literatura, a actividade consiste na organización de grupos de alumnado do instituto para impartiren unha aula teórica e práctica sobre “A nosa música en galego”, en todas as clases desde 1º de primaria até 6º no colexio das

Cruces. O obxectivo é pór en valor e visibilizar o movemento musical galego e o das cruces, desde a regueifa até o rap, así como grupos e artistas máis conhecidas.

ACTIVIDADES DIRIXIDAS E PARTICIPADAS POLO PROFESORADO, NAIS E PAIS E PERSOAL NON DOCENTE:

1. Elaboración de material formativo e informativo de carácter sociolingüístico.
2. Participación no Proxecto Palabras de Pedra.
3. Recollidas de transmisión oral.

Vila de Cruces, 12 de febreiro de 2019

Asinado:

Xosé Luís González Sende

Coordenador do Equipo de Normalización